



IT-CMAOT-3

INSTRUCCIÓN TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

As presentes normas técnicas se redactan no contexto de facilitar a maior información posible, e así axilizar o trámite na solicitude de declaración de Incidencia Ambiental.

O proxecto deberá ir asinado por un técnico competente nas materias que se traten no mesmo, tendo en conta que cumpre aplicar as exixencias que recolle o Real decreto 100/2010 do 5 de agosto sobre o visado colexial obrigatorio.

En calquera caso a comprobación de que o asinante é un técnico competente farase mediante unha Declaración responsable, na que o profesional declare baixo a súa responsabilidade a súa identidade e declare estar en posesión da titulación necesaria para levar a cabo o traballo profesional en cuestión e non estar inhabilitado nin administrativa, nin xudicialmente para exercer as súas funcións.

Como norma xeral, débese ter en conta que no caso de que o proxecto conte con máis dun tomo, tense que incluír en cada un o Índice Xeral de tomos, que sitúe os documentos nos diferentes tomos e un Índice Particular do devandito tomo, co contido do mesmo. No caso de presentar un único tomo tamén deberá presentar índice xeral. En todos os casos o documento deberá estar paxinado.

Xunto co proxecto en formato papel, débese entregar un ficheiro dixital, no que se inclúa en formato PDF toda a información para a súa impresión igual que a presentada en formato papel. O arquivo do proxecto deberá ser único, e no caso de presentar memoria tamén.

O modelo de memoria deberá cumprimentar os datos necesarios indicados no artigo 34, e os que se precisen para poder realizar a Declaración de Incidencia Ambiental (segundo o artigo 36), e/ou declarar modificación substancial ou non a actividade (segundo o artigo 38). Deberán terse en conta todas as indicacións recollidas na Norma Técnica para calcular a capacidade das instalacións de gandería intensiva.

O documento ambiental se presentará como documento independente co nome de “Memoria Ambiental” e deberá estar asinado por técnico competente para identificar, describir, analizar e se procede cuantificar os posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a geodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, o auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático a paisaxe, os bens materiais e o patrimonio natural e a interacción entre todos eles, durante as fases de execución, explotación e no seu caso demolición e desmantelamento. En ningún caso admitirase que a documentación presentada na Memoria Ambiental, sexa diferente ou entre en contradición co indicado no proxecto visado. No caso de requirir documentación, deberá presentarse novamente a Memoria Ambiental que anulará e substituirá a anterior, engadindo ou modificando o solicitado; e cando afecte a execución de obras ou modificación de planos e presuposto visados, poderá solicitarse que se presente un Anexo visado ao Proxecto.

Para poder determinar se as novas actuacións nunha explotación existente supoñen ou non unha modificación substancial deberá acreditarse documentalmente que se dispón de Licenza municipal definitiva amparada por Ditame de Incidencia Ambiental emitido ao amparo do Decreto 133/2008, en caso contrario, se tramitará toda a explotación ao amparo da Lei 9/2013.



Índice da Memoria Ambiental/Anexo Ambiental

1. Obxecto e antecedentes

Indicar se é nova explotación ou ampliación da existente. Descrición da ampliación ou modificación. Sinalar, se fora o caso, se a ampliación que describe é unha legalización.

Indicar autorizacións administrativas (recoñecemento de explotacións, licenza/s de obra, etc) e se dispón de Licenza municipal definitiva amparada por Ditame de Incidencia Ambiental emitido segundo o Decreto 133/2008

2. Información da explotación

Denominación

Clasificación da actividade de acordo o Anexo da lei 9/2013

Tipo de explotación segundo a IT

Nº rexistro de explotación gandeira

Nº rexistro sanitario (se procede)

Folla de saneamento gandeiro actualizado

Certificado emitido polo CRAEGA (se procede)

Enderezo (lugar, parroquia)

Polígono/s e parcela/s ou referencias catastrais

Superficie da parcela expresada en m².

Coordenadas UTM (ETRS89)

Cualificación urbanística do solo

3. Descrición do contorno da explotación

Usos do solo

Información hidrolóxica: distancias a cursos de auga

Información hidroxeolóxica: distancia a pozos. Indicar se pertence a unha zona vulnerable.

Información patrimonial: distancia a elementos catalogados

Información ambiental: distancias a zona protexida. Indicar se pertence a espazo natural protexido.

Plano de emprazamento (sinalar en planta distancias a núcleos de poboación, zonas de protección da natureza, cursos fluviais superficiais e/ou subterráneos, elementos patrimoniais, outros)

4. Descrición das construcións existentes

Cadro de superficies e usos das instalacións existentes expresados en m² e en m³ e aínda que sitúen en diferentes referencias catastrais.

Plano de distribución de usos

Plano de distribución dos animais sinalando e numerando as prazas/cubículos

5. Descrición das obras a realizar

Cadro de superficies e usos das obras a realizar expresados en m² e en m³, se fora o caso, e aínda que sitúen en diferentes referencias catastrais.



Plano de distribución de usos

Plano de distribución dos animais indicando as prazas ou cubículos máximos segundo a superficie útil destinada a albergar animais indicado na guía para cálculo de capacidades máximas (Indicar, se fora o caso, prazas destinadas a lazareto)

6. Descrición da explotación

Actividade principal e secundarias, por exemplo:

- En vacún: aclarar se se fai explotación de vacún leite/carne, ou tamén recría, cría de xatos...
- En coellos: clasificación/s zootécnica/s de acordo a normativa vixente de explotacións cunícolas.
- En porcino: clasificación/s zootécnica/s de acordo a normativa vixente de explotacións porcinas.
- En aves: clasificación/s zootécnica/s de acordo a normativa vixente de explotacións avícolas

Capacidade máxima gandeira, por exemplo:

- En vacún: nº de prazas/cubículos máximos instaladas segundo a superficie útil destinada a albergar animais sinalados na guía para o cálculo de capacidades máximas
- En porcino: nº máximo de cebos/ano e nº máximo de animais/ano
- En avicultura: nº máximo segundo tipo de animais sinalados na guía para o cálculo de capacidades máximas

Esquema de proceso produtivo da explotación

Nº de animais antes da ampliación por grupos, por exemplo:

- En vacún: vacas, xovencas, xatos, totais, UGM.
- En porcino: animais segundo tipo e intervalo de peso

Nº de animais despois da ampliación por grupos, por exemplo:

- En vacún: vacas, xovencas, xatos, totais, UGM.
- En porcino: animais segundo tipo e intervalo de peso

Materias primas empregadas. Estado e condicións de almacenamento. Consumos para toda a explotación (t/ano), non por tipo de animal.

Produtos obtidos (l/ano, kg/ano, animais/ano)

Potencia eléctrica instalada (kw). Consumo de recursos enerxéticos (kwh/ano)

Combustibles empregados (l/ano)

Consumo estimado de auga para subministro os animais e para limpeza (m3/ano). Procedencia da captación (pozo, rede municipal, outros).

Concesión para a captación de augas subterráneas (se consumo é superior a 7000 m3/ano), en caso contrario recoñecemento do dereito e a correspondente inscrición no rexistro de augas.

Listaxe de maquinaria. Aclarar se realiza tarefas de mantemento da maquinaria in situ.

Descrición dos equipos que se utilizan no proceso: capacidade, potencia, dimensións.

Descrición de instalacións auxiliares: operacións hixiénico-sanitarias (limpeza), distribución de auga e penso, calefacción/ventilación animais, etc. En caso de existir instalacións industriais de combustión: tipo



de caldeira/forno, combustible, dimensións, potencia, poder calorífico, consumo medio e máximo estimado, tempo estimado de funcionamento.

7. Descrición de materias residuais

Residuos industriais inertes e asimilables a urbanos:

- Identificación código LER
- Cantidade estimada (kg/ano)
- Condicións de almacenamento
- Descrición da xestión prevista.

Residuos perigosos:

- Identificación código LER
- Cantidade estimada (kg/ano)
- Condicións de almacenamento
- Descrición da xestión prevista

SANDACH (subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano):

- Identificación código LER
- Cantidade estimada (kg/ano)
- Condicións de almacenamento
- Descrición da xestión prevista

Xurros:

- Cantidades estimadas producidas anual e semestralmente (m³) calculadas segundo a Norma Técnica para calcular a capacidade das instalacións de gandeiría intensiva.
- Condicións de almacenamento. Descrición pormenoriza de todas as fosas de xurro: subdivididas ou non, dimensións (largo, ancho e profundidade), volume (m³), tipo de illamento da choiva, tipo de impermeabilización, coordenadas UTM (ETRS89).
- Táboa de entradas e saídas nas fosas/balsas
- No caso de situarse as fosas de xurro en parcelas situadas a mais de 15 km da explotación, xustificación das razóns do transporte nun estudo económico, que avalíe esa necesidade.
- No caso de que as fosas non sexan en propiedade, contrato ou similar asinado con propietario da fosa de xurro, asinado polas partes, no que se indique o volume da fosa que se cede e a duración do contrato. O arrendador da fosa deberá xustificar o exceso da fosa disposta o arrendatario mediante a descrición das fosas das que dispoña e do censo agrario actualizado
- Descrición da xestión prevista. Superficie en m² empregada para a valorización agrícola do xurro. En caso de non dispor, deberá presentar contrato de xestión segundo as indicacións da Norma técnica correspondente



- Deberá achegar “*Plan de xestión de dexeccións gandeiras*” seguindo as indicacións do punto 8 da Norma técnica.
- O dito “*Plan de xestión*” deberá contar co informe favorable previo da Consellería do Medio Rural. A documentación incluírá o dito informe.

Estercos:

- Cantidades estimadas producidas anual e semestralmente (m^3) calculadas segundo a Norma Técnica correspondente
- Condicións de almacenamento. Descrición pormenorizada das esterqueiras: dimensións (largo, ancho e profundidade), tipo de illamento da choiva, tipo de impermeabilización, coordenadas UTM (ETRS89) e da fosa de lixiviados, se fora necesaria: dimensións (largo, ancho e profundidade), volume (m^3), tipo de illamento da choiva, tipo de impermeabilización, coordenadas UTM (ETRS89)
- Descrición da xestión prevista. Superficie en m^2 empregada para a valorización agrícola.

Plano de almacenamento de todos os residuos. Detalle de sistemas de contención secundaria se proceden. Detalles de saneamento inferior no caso de dispor balsas executadas con láminas flexibles.

Plano acotado das fosa de xurro (ancho, largo, alto e volume) en planta e alzado, tanto das existentes como das novas. No caso de usar varias fosas de xurro deberán aparecer reflectidas no mesmo plano de situación indicando graficamente a distancia entre elas.

8. Descrición dos vertidos

- Identificación de vertidos segundo a súa orixe (aseos, limpeza, leitería e sala de muxido, pluviais, lixiviados dos silos...)
- Cantidade estimada (l/ano)
- Condicións de almacenamento
- Descrición da xestión prevista para cada un (fosa de xurro, fosa séptica, canle, rede municipal....)
- Sistemas de corrección indicando segundo proceda: fosa séptica (tipo, clase, volume útil, caudal, dimensións, infiltración no terreo ou non, plan de mantemento...), fosa de lixiviados (volume, dimensións, tipo de depuración)
- Localización do/s punto/s de vertido/s finais.
- Descrición do sistema de recollida para derrames accidentais, por exemplo: posibles roturas de láminas en balsas, etc.

Plano de saneamento (detalle de sistemas de corrección instalados ou a instalar se proceden)

9. Descrición das emisións

- Descrición dos procesos xeradores de emisións canalizadas. Descrición dos focos: número, dimensións, clasificación, horas previstas de funcionamento o día, coordenadas UTM (ETRS89), protocolo de actuación en caso de avaría ou accidente
- Descrición dos procesos xeradores de emisións difusas. Silos de almacenamento. Descrición das condicións de almacenamento de material pulverulento, se procede.

Plano de emisións (localización de focos con coordenadas UTM (ETRS89))



10. Técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cese da actividade

11. Modificación substancial

Para as actividades comprendidas no anexo da lei 9/2013, **que dispoñan de Licenza municipal definitiva amparada por Ditame de Incidencia Ambiental emitido ao amparo do Decreto 133/2008, ou Resolución de Declaración de Avaliación de Incidencia Ambiental**, será preciso adxuntar:

- Copia da Licenza municipal definitiva concedida. No caso de que esta, non indique a capacidade produtiva da explotación no momento da súa concesión, deberá xustificarse no caso de ser requirido, mediante a presentación de proxecto visado (en formato electrónico) que a ampare.
- Memoria Ambiental ou Anexo Ambiental indicando o antes e o despois da ampliación descrita no proxecto de acordo o índice anteriormente indicado, que ademais incorpore: cadro comparativo da situación actual, con **Licenza municipal definitiva amparada por Ditame de Incidencia Ambiental emitido ao amparo do Decreto 133/2008 ou Resolución de Declaración de Avaliación de Incidencia Ambiental**, e a esperada despois da execución do proxecto de ampliación onde se indiquen as cantidades e variacións respecto os limiares:

	Situación actual	Situación posterior	Variación	Limiar Lei 9/2013
Capacidade produtiva ou capacidade máxima gandeira (prazas/cubículos de animais máximos, segundo a superficie útil destinada a albergar animais indicado na guía para cálculo de capacidades máximas)				50%
Edificacións destinadas a aloxamentos gandeiros (m2)				50%
Consumo materias primas (t/ano)				50%
Consumo de auga (m3/ano)				50%
Consumo de enerxía (kwh/ano)				50%
Emisións contaminantes atmosféricos				25 %
Focos de emisión catalogados				
Vertido de augas residuais (l/ano)				50 %
Produción de residuos perigosos (t/ano)				25%
Produción de contaminantes emitidos (t/ano)				25%
Produción de sustancias perigosas (kg/ano)				25%

Nota: Os datos que a xuízo do solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente, deberán ser indicados e achegados en separata independente